



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



DECRETO DE ALCALDÍA

Por Decreto de Alcaldía 214/2025 de data 21/10/2025 e publicada na Sede Electrónica do Concello de Cerdido, formouse a bolsa de auxiliares SAF deste Concello. Co obxecto de poder cubrir as vacacións das auxiliares, contactouse coas persoas candidatas que forman parte da mesma, pero non foi posible a contratación de ningunha.

Vistas as bases publicadas o día 18/06/2026 para a contratación de carácter laboral e temporal, na modalidade establecida segundo a reforma laboral, a xornada completa polo período necesario para cubrir o período de vacación das auxiliares deste Concello.

Vista a acta do tribunal cualificador de data 02 de xullo de 2026 na que se propón a contratación de María Isabel Lorenzo Serantes, como persoal laboral temporal e a non presentación de alegacións.

No uso das atribucións que outorga o artigo 21.1.h da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, veño en **RESOLVER:**

Primeiro: Aceptar a proposta realizada polo tribunal cualificador reunido o día 2 de xullo de 2026 e proceder a contratar a María Isabel Lorenzo Serantes (DNI ****1132*) a xornada completa durante tres meses para cubrir o período de vacacións das auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar deste Concello.

Segundo: Proceder á publicación deste decreto no taboleiro de anuncios do Concello.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que o ditou no prazo dun mes dende o día seguinte o da súa notificación ou ben o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado contencioso administrativo de Ferrol no prazo de dous meses contados dende o día seguinte a da súa notificación, sen prexuízo de interpoñer os recursos que estime máis axeitados.